



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/02/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde fai uns meses o noso concello está soportando as obras do AVE, sendo as parroquias máis prexudicadas Figueirido e Paredes.

No lugar de Paredes estése traballando na construción do túnel de Fonte Quente, obras que están provocando incidencias de gran importancia nas vivendas do lugar e, tamén, por tanto, malestar veciñal.

O constante tránsito de camións e transporte pesado está deteriorando o vial principal de Paredes e obstaculizando a circulación aos veciños e veciñas do lugar.

A Administración Local ten potestade normativa en materia de ordenación de tráfico de vehículos en vías públicas, de conformidade co disposto no artigo 55 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e no artigo 7 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e demais normas aplicables.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa aprobará a ordenanza municipal reguladora do réxime especial para o tráfico e o uso das vías públicas e camións e vehículos pesados no Concello de Vilaboa, que se adxunta.

Segundo. O Concello de Vilaboa instará á empresa adxudicataria das obras do AVE a reparación e acondicionamento dos viais de Paredes, cando sexa necesario.

Vilaboa, 17 de febreiro de 2010.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA